



PROGRAMACIÓN DE LINGUAXE MUSICAL

(GRAO ELEMENTAL E PROFESIONAL)

DEPARTAMENTO DE LINGUAXE MUSICAL

Contenido

1. Introducción.....	4
2. Obxectivos das ensinanzas	5
2.1 Obxectivos xerais do Grao Elemental.....	5
2.2 Obxectivos xerais do Grao Profesional.....	6
3. Obxectivos específicos.....	6
3.1 Grao Elemental	7
3.2 Grao Profesional	7
4. Metodoloxía.....	7
5. Atención á diversidade	9
6. Temas transversais	10
6.1 Educación en valores	11
6.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)	11
7. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas	11
8. Secuenciación do curso.....	11
Curso 1º G.E	12
8.1 Obxectivos	12
8.2 Contidos.....	12
8.3 Avaliación.....	18
8.4 Medidas de recuperación	19
8.5 Recursos didácticos	20
Curso 2º GE	20
8.1 Obxectivos	20
8.2 Contidos.....	21
8.3 Avaliación	25
8.4 Medidas de recuperación	27
8.5 Recursos didácticos	28
Curso 3º GE	29
8.1 Obxectivos	29
8.2 Contidos.....	29
8.3 Avaliación	32
8.4 Medidas de recuperación	34
8.5 Recursos didácticos	35
Curso 4º GE	35
8.1 Obxectivos	35

8.2 Contidos.....	35
8.3 Avaliación	38
8.4 Medidas de recuperación	40
8.5 Recursos didácticos	40
Curso 1º GP	41
8.1 Obxectivos	41
8.2 Contidos.....	41
8.3 Avaliación	43
8.4 Medidas de recuperación	45
Curso 2º GP	45
8.1 Obxectivos	45
8.2 Contidos.....	46
8.3 Avaliación	49
8.4 Medidas de recuperación	50
8.5 Recursos didácticos	51

1. Introducción

No grao elemental a finalidade da linguaxe musical é desenvolvemento da capacidades vocais, rítmicas, sicomotoras, auditivas e expresivas, de tal xeito que o código musical se convirta nun instrumento útil e eficaz de comunicación e representación, aspectos básicos que integran a práctica musical igual que en toda actividade lingüística. A acción pedagóxica, no grao elemental, centrase en conseguir un dominio da lectura e da escritura que lle permita ao alumnado a autonomía necesaria para seguir afondando na aprendizaxe da linguaxe, sen esquecer que a comprensión aditiva é unha capacidade que se debe desenvolver sistemáticamente por ser o oído a base da recepción musical.

A aprendizaxe da linguaxe musical baséase na practica sistemática. Así, propónse desenvolver catro capacidades esenciais: saber escoitar, saber cantar, saber ler e saber escribir, obxectivos básicos que posibilitarán unha formación axeitada para o acceso ao grao profesional. Este proceso hace establecer na seguinte orde: facer, oír/sentir, recoñecer/entender. Co fin de potenciar no alumnado unha relación directa coa música cómpre coidar o aspecto metodolóxico, é dicir, a claridade e a limpeza do procedemento que se usa para guiar e para o inducir a se conectar coa música. Trátase de traballar ordenadamente, gradualmente, procurando non saltar dificultades, comprendendo, explicando, establecendo relación e integrando.

No grao profesional nos atopamos no momento idela para enriquecer esa linguaxe musical de primaria. A práctica instrumental que o alumnado realiza neste nivel e a súa actividade de conxunto estano xa poñendo en contacto cunha literatura musical rica, ampla e complexa. Os elementos rítmicos gañan en protagonismo e as unidades métricas que os conteñen e representan se superpóñense, mestúranse, sucéndense nunha constante variación, aparecen novas formulas rítmicos-métricas, fanse atípicas as ordenacións rítmicas dos compases que poderíamos chamar usuais ou convencionais ou decididamente desaparecen arrastrando tras de si a liña divisoria periodica para deixar paso a unha nova articulación ou acentuación, sen unidade referencial de pulso. Todo esto debe dirixirse a potenciar unas actitudes de desenvolvemento orgánico, así como a unha procura de rigor no estudo, de respecto e valoración da obra artística e os seus creadores.

FUNDAMENTACIÓN LEGAL

A presente Programación didáctica baséase, en primeiro lugar na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, que incide nas ensinanzas artísticas que teñen como finalidade *proporcionar ao alumna dounha formación artística de calidade*. Por iso, todos os departamentos constituíntes do conservatorio deben mellorar os aspectos que, anteriormente, puideron desatenderse.

Dado que a LOE, concede total liberdade ás comunidades autónomas, a comunidade de Galicia desenvolveu os Decretos 198/2007, e 203/2007 do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do Grao Elemental e Profesional das ensinanzas de réxime especial de música. Este Decreto complementábase co Decreto 223/2010, do 30 de setembro, que establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais en Galicia e a orde do 4 de agosto de 2011 que desenvolve o citado decreto. Por último, é necesario ter en conta a Circular 15/2011 da Dirección Xeral de Educación pola que se ditan instrucións para determinados aspectos do funcionamento dos conservatorios elementais e profesionais de música e danza.

2. Obxectivos das ensinanzas

2.1 Obxectivos xerais do Grao Elemental

O grao elemental das ensinanzas de música ha contribuído a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

- Apreciar a importancia da música como linguaxe artística e medio de expresión cultural dos pobos e das persoas.
- Expresarse con sensibilidade musical e estética para interpretar a música de diferentes épocas e estilos, gozar con ela e enriquecer as propias posibilidades de comunicación e de realización persoal
- Coñecer e valorar a importancia da respiración e do dominio do propio corpo no desenvolvemento da técnica instrumental, da calidade do son e da interpretación.
- Relacionar os coñecementos musicais coas características da escritura e da literatura do instrumento da especialidade, coa finalidade de adquirir as bases que permitan desenvolver a interpretación artística.
- Interpretar en público, coa necesaria seguridade en si mesmo, para vivir a música como medio de comunicación.

- Interpretar música en grupo habituándose a escoitar outras voces ou instrumentos, e adaptarse harmónicamente ao conxunto.
- Ser consciente da importancia do traballo individual e adquirir a capacidade de escoitarse e ser crítico consigo mesmo.
- Valorar o silencio como elemento indispensable para o desenvolvemento da concentración, a audición interna e o pensamento musical.
- Ser consciente da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.
- Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e o galego en particular, como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.

2.2 Obxectivos xerais do Grao Profesional

As ensinanzas profesionais de música deberán contribuir a que o alumnado adquira as capacidades seguintes;

- Habituarse a escoitar música e establecer un concepto estético que permita fundamentar e desenvolver os propios criterios interpretativos.
- Desenvolver a sensibilidade artística e o criterio estético como fonte de formación e enriquecemento personal.
- Analizar e valorar a calidade artística da música
- Coñecer os valores da música e optar polos aspectos xurdidos dela mais axeitados para o desenvolvemento persoal.
- Participar en actividades de animación musical e cultural que permitan vivir a experiencia de transmitir o gozo da música.
- Coñecer e empregar con precisión o vocabulario específico relativo aos conceptos científicos da música.
- Coñecer e valorar o patrimonio musical como parte integrante do patrimonio histórico e cultural.
- Tomar conciencia da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.
- Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral e a do galego en particular como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.

3. Obxectivos específicos

3.1 Grao Elemental

- Adquirir os coñecementos esenciais adecuados ao nivel educativo que lle permita ao alumnado enriquecer a súa relación coa música.
- Desenvolver os recursos da voz como vehículo de expresión musical e de satisfacción inmediata, proporcionando as capacidades necesarias para a comprensión dos elementos constitutivos da linguaxe musical.
- Acceder aos codios rítmicos que require cada nivel da linguaxe musical.
- Coñecer e desenvolver o estudo da equivalencia.
- Adquirir as bases para o desenvolvemento auditivo (melódico, rítmico, formal etc)
- Educar a memoria como base para a formación do oído interno e o seu desenvolvemento progresivo.
- Desenvolver a capacidade esencial da escritura como elemento básico da linguaxe musical
- Propiciar o emprego dunha terminoloxía musical básica que lle permita ao alumnado comunicar os seus coñecementos

3.2 Grao Profesional

As ensinanzas de linguaxe musical dos estudos profesionais de música teran como obxectivos contribuir a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

- Compartir vivencias musicais cos demais elementos do grupo que lle permita enriquecer a súa relación afectiva coa música a través do canto e da participación instrumental en grupo.
- Coñecer os elementos da linguaxe musical e a súa evolución histórica, para relacionalos coas obras musicais dentro do seu tempo e a súa ciscunstancia.
- Interpretar correctamente os símbolos gráficos e coñecer os que son propios da linguaxe musical contemporánea
- Utilizar a disociación motriz e auditiva necesarias para executar ou escoitar con independencia desenvolvementos rítmicos ou melódicos simultáneos.
- Recoñecer e representar gráficamente obras, fragmentos musicais a unha ou dúas voces realizadas con diferentes instrumentos.
- Recoñecer, a través da audición e da lectura, estruturas harmónicas básica.
- Utilizar os coñecementos sobre a linguaxe musical para afianzar e desenvolver hábtos de estudo que propicien unha interpretación consciente.
- Coñecer os elementos da linguaxe musical relativos ao jazz e á música moderna.

4. Metodoloxía

Poderíase definir a educación como todo proceso de intervención intencionada polo cal trátase de configurar á persoa nun modelo determinado polo educador, a institución ou a sociedade.

Piaget considera que a intelixencia actúa por medio de dúas funcións básicas, constituindo cada unha delas un aspecto da adaptación ao medio ambiente. Estas dúas funcións, asimilación e acomodación, son complementarias e representan os dous aspectos básicos invariables da intelixencia ao longo da vida. Así, Piaget distingue catro períodos principais na vida un neno ou nena:

- 1) Operacións sensomotoras (de 0 a 24 meses).
- 2) Representacións preoperacionais (de 2 a 7 anos).
- 3) Operacións concretas (de 7 a 12 anos).
- 4) Operacións formais (de 12 a 15 anos).

A maioría dos nenos e nenas do grao elemental, encontraranse na etapa de operacións concretas. Os cambios que se efectúan son graduais e non se dan en todos os nenos e nenas á vez, polo que haberá momentos en que teñamos que explicar un concepto dende o punto de vista do alumnado transductivo ou dende o punto de vista dun alumnado operacional concreto.

O alumnado deste período non pode elaborar teorías xerais e non capta a relación entre o tempo e a velocidade ata os 9 ou 10 anos, aspecto que deberá ser tido en conta durante o grao elemental, xa que ata os doce anos non sente a necesidade dun patrón de medida. A partir de entón, aproximadamente, comeza para Piaget a etapa de operacións formais, una etapa que coincide co primeiro curso do grao profesional I.

A aprendizaxe da linguaxe musical baséase na práctica sistemática. Así, propónse desenvolver catro capacidades esenciais: saber escoitar, saber cantar, saber ler e saber escribir, obxectivos básicos que posibilitarán unha formación axeitada para o acceso ao grao profesional. Este proceso hase establecer na seguinte orde: facer, oír/sentir, recoñecer/entender.

A natureza desta linguaxe permite relacionala con outros códigos e materias obxecto de estudo nestas idades, é o que se denomina **interdisciplinabilidade**.

Así, a coordinación, expresión corporal e a danza se relacionan coa educación física; a expresión oral e escrita, así como a utilización de códigos, fan que se relacionen coa lingua; a terminoloxía utilizada na música en lingua italiana xunto coa audición de óperas en distintos idiomas a relacionan coa lingua estranxeira; as similitudes coas matemáticas encontrámolas no estudo do ritmo, escalas ou intervalos.

O desenvolvemento dos contidos en espiral fai que os elementos básicos estén presentes dende o primeiro momento e, a partir de aí, ir profundizando ata completar o coñecemento previsto para o grao elemental e profesional. Así, a actividade do alumnado terase en conta como parte esencial do proceso de ensinanza-aprendizaxe, un aspecto que non se limitará a unha manipulación e acción externa dos

elementos materiais e recursos musicais, senon que consistirá principalmente nunha actividade que lle permita interiorizar as experiencias e vivencias musicais, plantearse interrogantes e buscar estratexias para resolvelos de forma creativa e sensible.

En consecuencia, crearanse situacións de participación e comunicación, de improvisación vocal e instrumental e de movemento, de exposición de ideas, experiencias e sentimentos que faciliten e promovan as aportacións individuais e colectivas.

En atención aos espazos e os tempos, as actividades posibilitarán a intervención en distintos niveis. Evidentemente, as actividades relacionadas coa expresión vocal e a audición gozarán dunha consideración distinta de outras como a lectura rítmica e a asimilación de conceptos teóricos.

A función do profesorado é fundamental en tanto promove a motivación musical, distintas posibilidades, gustos e preferencias no alumnado, actuando como dinamizador, orientador e facilitador de contextos e situacións musicais ofrecendo canles ricas e fluidas de comunicación entre os integrantes do grupo mantendo a suficiente flexibilidade para ter en conta os proxectos do alumnado que xurdan no aula.

5. Atención á diversidade

Faise necesario considerar a atención ao ANEE (alumnado con necesidades educativas específicas), que inclúe extranxeiros, superdotados e os que posúen necesidades educativas especiais, sexa por sufrir unha discapacidade física ou psíquica (sobre todo nas ensinanzas de réxime xeral.

Alumnado estranxeiro

Os dous problemas máis destacados do tratamento do alumnado estranxeiro veñen dados pola comprensión do idioma e polas tradicións propias da súa cultura. En ocasións, o rexeitamento deste tipo de alumnado a certas actividades ven dado polas costumes da súa cultura (ou pola diferenza cos plans de estudo, nalgúns zonas exclusivamente ligadas á práctica instrumental). O principio de integración pasa por coidar as actividades formuladas, intentando aproveitar os seus coñecementos sobre determinados aspectos do currículo (por exemplo os referidos a determinados elementos do ritmo, escalas ou sonoridades concretas, compositores do seu país..). No que se refire á comprensión do idioma, e dado o carácter procedimental deste tipo de ensinanzas, non supón un gran obstáculo. En todos os casos procurarase que o alumnado inmigrante participe cos seus compañeiros e compañeiras nas actividades propostas, de forma que a súa integración véxase favorecida.

Superdotación intelectual

Defínese ao individuo superdotado como aquel que posúe aptitudes excepcionais e polo tanto, capaz de obter un rendemento superior á media. O Real Decreto 943/2003, polo que se regulan as condicións para flexibilizar a duración dos diversos niveis e etapas do sistema educativo para os alumnos superdotados intelectualmente, trata no seu artigo 9 os criterios xerais para flexibilizar a duración dos diversos graos, ciclos e niveles para os alumnos superdotados intelectualmente, nas ensinanzas de réxime especial. Dita flexibilización consistirá na súa incorporación a un curso superior ao que lle corresponda pola súa idade, sempre que a redución destes períodos non supere a metade do tempo establecido con carácter xeral. Non obstante, e ante casos excepcionais, as Administracións educativas poderán adoptar medidas de flexibilización sen tal limitación; naturalmente, esta flexibilización incorporará medidas e programas de atención específica para dito alumno.

Hai que distinguir entre a superdotación intelectual e o talento. Un suxeito ten talento cando demostra aptitudes excepcionais para unha faceta artística ou cognoscitiva. Polo tanto, xunto ás necesidades educativas dos superdotados, debemos engadir as de aqueles individuos do grupo que teñan talento musical, no sentido de aceleración descrito no R.D 943/2003, ou ben elaborando actividades de ampliación (é dicir, de maior dificultade que as previstas para o seu curso), de xeito que poda render segundo as súas propias capacidades.

Alumnado con necesidades educativas especiais

A atención á diversidade chega ao seu máximo exponente ao tratar ao alumnado con necesidades educativas especiais. Este tipo de discentes son persoas que presentan algún tipo de discapacidade, polo que poden precisar unha adaptación dos recursos materiais, ou unha adecuación dos elementos do currículo (reformulación dos obxectivos, coa conseguinte adaptación dos contidos e dos criterios de avaliación).

É evidente que a aptitude do individuo non está en relación coa discapacidade que sufra, xa que como facultade humana, a música provoca na persoa unha resposta gratificante, debida á sensibilidade. Pero ademais, no alumnado discapacitado, a música pode ter outros importantes significados, xa que pode paliar esa discapacidade, axudando no proceso de integración, comunicación, estimulación, ou sobre a maneira de asumir o seu problema.

Dadas as características de estas ensinanzas, non se considera na P.D. a existencia de alumnado con discapacidade intelectual, aínda que si con discapacidade física, pero se se considera ese caso tomáranse as medidas oportunas para solventar ou adaptarse a ese problema, dependendo da discapacidade intelectual.

6. Temas transversais

6.1 Educación en valores

Con esta programación farase fincapié na educación en valores:

- Inculcar e fomentar o rechazo a calquera tipo de discriminación baseada en diferenzas de sexo, raza, clase social e ideoloxía e categoría profesional (Educación para a PAZ e Educación para a Igualdade de Oportunidades de ambos sexos e prevención da violencia de xénero): nas clases colectivas, actividades como cantar, favorecen as relación entre o alumnado.
- Adquisición de hábitos da vida saudable e deportiva (Educación para a Saúde). A respiración , o coñecemento do corpo, as técnicas de relaxación, etc, permiten ao alumnado apreciar a importancia do coidado da saúde.
- Educación ambiental, respecto polanaturalez e os eres vivos.
- Coñecemento das crenzas, actitudes e valores da nosa tradición e patrimonio cultural. A música en si mesma é patrimonio cultural de todos os pobos. Nestas clases faremos fincapié na tradición propia como a estranxeira, valorando a riqueza da que dispoñemos para formarnos como persoas.

6.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

No referido ás Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC) , a utilización dos medios informáticos supón un importante complemento para o traballo na aula, ampliando os recursos e procedementos. Tamén pódese pedir aos discentes a busca de información, ou ben críticas de prensa, música de filmes, visita a páxinas web de música clásica, etc.

7. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

O departamento didáctico dentro das disponibilidades do centro, organizará diferentes actividades, co fin de complementar a aprendizaxe da materia, e mediante a participación activa de todo o alumnado.

Ditas actividades consistirán en recitais, concursos temáticos, concertos didácticos, saídas a exposicións, concertos e diferentes actividades relacionadas coa música.

8. Secuenciación do curso

Curso 1º G.E

8.1 Obxectivos

- Compartir vivencias musicais cos compañeiros para iniciar a súa relación afectiva coa música
- Adquirir os coñecementos indicados no apartado de contidos
- Desenvolver os recursos da voz, buscando unha correcta respiración e emisión, para que a través da reprodución de exercicios melódicos o alumno chegue á comprensión dos elementos da linguaxe musical
- Acceder aos códigos rítmicos propios do curso
- Demostrar a coordinación motriz necesaria para a correcta interpretación do pulso regular e o acento, así como a interiorización de fórmulas rítmicas básicas propias do curso, empregando as destrezas de asociación e disociación correspondentes.
- Coñecer os compases e a transferencia entre distintos tipos de compases mantendo a uniformidade do pulso
- Educar a memoria como base para a formación do oído interno, que lle axudara a relacionar a audición coa súa representación gráfica
- Adquirir bases sólidas para o desenvolvemento auditivo, melódico, rítmico, harmónico e formal
- Iniciar ao alumnado ao concepto de análise
- Desenvolver a capacidade da escritura como elemento básico da linguaxe musical
- Propiciar o emprego dunha terminoloxía musical básica a través dos coñecementos teóricos.
- Adquirir hábito de traballo diario

8.2 Contidos

1º TRIMESTRE

U.D. 1: SIGNOS E ESCRITURA MUSICAL

- -O pentagrama
- -A clave de Sol, o seu significado e escritura.
- -As notas. O seu concepto.
- -Nomes das notas en clave de sol.
- -Significado do concepto de figura.
- -Termos básicos que afectan á expresión.
- -Ritmo de negra e o seu silencio.
- -Entoación afinada das notas do-sol.
- -Recoñecemento auditivo das notas emitidas co ritmo estudado (negra e o seu silencio en 2/4).

U.D. 2: O SON "MI". AS CORCHEAS.

- -O nome das notas.
- -As liñas divisorias.
- -Ligaduras expresivas e o seu significado musical.
- -Termos de velocidade e intensidade máis elementais e a súa diferenciación.
- -Significado das notas e figuras.
- -Significado de escala.
- -Identificación dos elementos na partitura.
- -O ritmo de corcheas unido o de negra e o seu silencio.
- -O compás de 2/4 e a súa acentuación.
- -A lectura sen compás dos ritmos aprendidos.
- -A entoación vocal en 2/4 das notas e ritmos aprendidos.
- -A entoación polifónica en 2/4 das notas e ritmos aprendidos.
- -A identificación auditiva das notas do-mi-sol con ritmos de negra, silencio de negra e dúas corcheas.

U.D.3.-COMBINACIÓN RÍTMICA DE NEGRAS E CORCHEAS (CONTINUACIÓN). SON “DO” AGUDO, COMPÁS 3/4.

- -Os nomes das notas na clave de sol e a do instrumento que se toca.
- -Identificación dos elementos expresivos na partitura.
- -Utilización das liñas divisorias para repartir o tempo.
- --Combinación rítmica de negras e corcheas.
- -O compás de $\frac{3}{4}$, a súa acentuación e forma de marcarse.
- -O DO no seu rexistro agudo como elemento de lectura.
- -A lectura do arpejo de Do maior en 2/4 e 3/4
- -A entoación do arpejo de Do maior en 2/4 e 3/4
- -A polifonía vocal co emprego do novo son.
- -Escritura do novo son combinado cos anteriores ritmos de negra, silencio de negra e dúas corcheas.

U.D.4.- LIÑAS ADICIONAIS. CLAVES, ACORDE E ARPEXIO.

- -Asimilación dos nomes das notas en clave de sol.
- -Asimilación dos nomes das notas na clave na que o alumno toque o seu Instrumento.
- -Concepto de liña adicional.
- -Coñecemento das notas con liñas adicionais na parte superior e inferior do pentagrama cun ámbito dunha oitava.

- -Identificación de notas con liñas adicionais na parte superior e inferior do pentagrama.
- -Concepto de clave. Nome e situación no pentagrama de cada una delas.
- -Concepto de acorde e forma de construción.
- -Identificación do son DO no seu rexistro agudo.
- -Comprensión da emisión vocal do son DO no seu rexistro agudo.
- -Identificación de tódolos elementos expresivos que se atopan nas diferentes melodías da unidade.
- -Comprensión auditiva dos diferentes sons correspondentes ao arpexo de Do maior segundo a súa altura.
- -Comprensión na forma de repartir os ritmos nos compases de 2/3 e 3/4 respectivamente.

U.D. 5: PARTES DUNHA NOTA . FIGURAS. A CORCHEA E O SEU SILENCIO.

- -As partes dunha nota.
- -A duración da corchea, do seu silencio e de ambos unidos.
- -Igualdade rítmica entre a corchea con silencio e a negra picada.
- -Diferenza rítmica entre a corchea e con silencio e a negra con toda a súa duración.
- -As figuras, os seus nomes e duracións.
- -Os silencios, os seus nomes e duracións.
- -Os nomes das notas dentro e fora do pentagrama en clave de sol e na clave do instrumento.
- -Figuras que entran dentro dun compás de catro pulsos.
- -O arpexo de Do no rexistro agudo.
- -Entoación do arpexo de Do no rexistro medio cos ritmos estudados.
- -O picado como signo de expresión.
- -Escritura da corchea e o seu silencio co arpexo de Do, sen liñas divisorias nin nota de comezo.

2º TRIMESTRE (APROX.

U.D. 6: A LIGADURA . SON “LA”

- -O son LA nos seus tres rexistros. Forma de lectura e escritura.
- -O diapasón, o seu significado e utilidade.
- -A ligadura de prolongación.
- -A ligadura expresiva.
- -Entoación do son LA con e sen ligadura de prolongación en compases 2/4 e 3/4.
- -Escritura e entoación do arpexo de Do maior co son LA
- -Comprender a diferenza e a gran utilidade na interpretación vocal e instrumental de ambas ligaduras.

- -Ditados musicais cos sons aprendidos nesta unidade en 2/4 e 3/4 , cos compases e fragmentos dados e averiguando a nota de comezo.

U.D. 7: A BRANCA

- -A substitución de dúas negras ligadas por unha branca como figura única.
- -Asimilación dos conceptos estudados con anterioridade.
- -Asimilación das notas con liñas adicionais na parte superior e inferior do pentagrama.
- -Asimilación das figuras máis significativas neste nivel e os seus silencios.
- -O son LA unido ao arpexo de Do maior completo nos seus tres rexistros vocais e instrumentais.
- -A entoación a dúas voces con brancas mantendo o son mentres outra voz canta negras ou corcheas.
- -A entoación das brancas “a capella” e con acompañamento pianístico para aprender a súa afinación exacta unida ao arpexo de Do maior completo.
- -O recoñecemento auditivo do son LA unido ao arpexo de Do maior completo con tódalas figuras aprendidas con anterioridade e as brancas.

U.D. 8: LIGADURAS REGULARES E IRREGULARES. O SON “SI”

- -A ligadura de prolongación regular e irregular, unindo figuras de menor a maior valor ou viceversa.
- -Asimilación dos conceptos estudados con anterioridade.
- -O son SI como novo son que se integra no arpexo de Do maior xunto ao LA formando o segundo tetracordo da escala completo.
- -A entoación do arpexo de Do maior e o 2º tetracordo da escala completo en exercicios a dúas voces, con brancas nunha voz mentres a outra se move en figuras menores.
- -A entoación “a capella” e con acompañamento pianístico dos 6 sons aprendidos, nos que o son SI toma gran relevancia pola cadencia perfecta que se forma con él.
- -A afinación exacta do segundo tetracordo da escala e o arpexo de Do maior.
- -O recoñecemento auditivo dos seis sons e ritmos aprendidos no tema (as brancas) e con anterioridade.

U.D. 9: O PUNTIÑO

- -As ligaduras regulares e irregulares.
- -A igualdade de pulsación nas figuras largas.
- -O puntiño de branca e o dobre puntiño sobre a mesma figura.
- -O son SI completando o 2º tetracordo da escala de Do maior xunto ao seu arpexo.
- -A lectura do son SI nos seus tres rexistros vocais e instrumentais unido aos do resto de sons aprendidos con anterioridade.

- -O son SI e a branca con puntiño no compás de 3/4 en entoacións a 2 voces, onde unha voz se mantén e a outra canta libremente.
- -A afinación do son SI xunto aos aprendidos con anterioridade “a capella” e con acompañamento pianístico unido ao ritmo de branca con puntiño en 3/4.
- -O recoñecemento auditivo das ligaduras regulares dun compás a outro, das brancas con puntiño en compás de 3/4 , das brancas en compás de 2/4 unido aos ritmos estudados con anterioridade e cos sons do arpexo de Do maior co 2º tetracordo da escala completa.

U.D. 10: O PUNTIÑO (Continuación). SON “FA”

- -O puntiño de negra seguido de corchea, dentro do compás, nos compases de 2/4 e 3/4 respectivamente.
- -O emprego da ligadura irregular dun compás a outro para producir o ritmo de puntiño cando este nos se pode utilizar.
- -O son “Fa” nos seus tres rexistros vocais e instrumentais e a distancia que garda cos sons anterior e posterior a él.
- -A substitución das ligaduras irregulares por figuras con puntillo.
- -A afinación do son “Fa” dentro da escala de Do maior.
- -O recoñecemento auditivo do son “Fa” unido aos sons aprendidos con anterioridade e da negra con puntiño seguida de corchea, así como da branca con puntiño e a súa forma de escritura

3º TRIMESTRE

U.D. 11: O SON “FA” (Continuación). ARTICULACIÓNS E TERMOS DE VELOCIDADE.

- -O puntiño de negra seguido de corchea dentro do compás e dun compás a outro por medio de ligadura irregular.
- -Calquera tipo de ritmo dentro do compás e dun compás a outro producido por unha ligadura regular ou irregular.
- -O son FA nos seus tres rexistros vocais e instrumentais.
- -As articulacións máis habituais.
- -Os termos agóxicos máis importantes.
- -A entoación a capella de exercicios polifónicos que separan as súas voces.
- -A entoación das notas aprendidas en tódalas unidades estudadas con calquera tipo de ritmo estudado incluídos os desta unidade.
- -Recoñecemento auditivo dos sons e ritmos estudados incluídos os traballados nesta unidade, debendo averiguar a nota de comezo e os ritmos adecuados, colocando as liñas divisorias.

U.D. 12: O SON “RE”. TERMOS DE VELOCIDADE

- -O son RE nos seus tres rexistros.
- -O termos agóxicos ou de velocidade aplicados únicamente aos aires.
- -Os termos de carácter e a súa aplicación aos termos de velocidade que aparecen nas partituras.
- -A escala completa nos tres rexistros: grave, central e agudo.
- -A síncopa e o seu concepto.
- -A acentuación dos pulsos e dentro deles os das fraccións.
- -Forma de se producir a síncopa entre os pulsos, as fraccións e entre ambos nos compases 2/4 e 3/4 .
- -Recoñecemento das síncopas por medio das ligaduras regulares e irregulares estudadas con anterioridade.

U.D. 13: A DOBRE SÍNCOPA

- A dobre síncopa. O seu concepto.
- Recoñecemento e formas de escritura da dobre síncopa.
- Asimilación de calquera termo expresivo que poida aparecer nunha partitura.
- Cambio de notas ligadas a outras de maior valor, con puntiño ou formando síncopas de diferente escritura.
- Síncopas e dobres síncopas nos compases de 2/4 e 3/4 con tódalas notas da escala de Do maior nos tres rexistros vocais e instrumentais.
- Entoación polifónica con separación das voces.
- Entoación acompañada con tódalas notas da escala de Do maior, nun ámbito de oitava e os ritmos estudados, incluíndo a negra con puntiño seguida de corchea e a síncopa.
- Recoñecemento auditivo con tódalas notas da escala de Do maior, nun ámbito de oitava, e os ritmos aprendidos en tódalas unidades, incluíndo a negra con puntiño seguida de corchea e a síncopa.

U.D. 14: RESUMO

- Síntese de dificultades teóricas, rítmicas, vocais e auditivas.
- Recoñecemento e formas de escritura da síncopa e dobre síncopa.
- Asimilación de calquera termo expresivo que poida aparecer na partitura.
- Cambio de notas ligadas a outras de maior valor, con puntiño ou formando síncopas de diferente escritura.
- Síncopas e dobres síncopas nos compases de 2/4 e 3/4 con tódalas notas da escala de Do maior nos tres rexistros vocais e instrumentais.
- Entoación polifónica con separación nas voces.

- Entoación acompañada con tódalas notas da escala de Do maior, nun ámbito de oitava, e os ritmos aprendidos en tódalas unidades, incluíndo a nega con puntiño seguida de corchea e síncopa.

8.3 Avaliación

A avaliación cumpre fundamentalmente unha función formativa, ó ofrecer ó profesorado uns indicadores da evolución dos sucesivos niveis de aprendizaxe do seu alumnado, coa conseguinte posibilidade de alicar mecanismos correctores ás insuficiencias advertidas. Por outra parte estes indicadores constitúen unha fonte de información sobre o mesmo proceso de ensino. De este xeito, os criterios de avaliación son un referente fundamental de todo proceso interactivo de ensino e aprendizaxe.

8.3.1 Criterios de avaliación

- Imitar estruturas melódicas e rítmicas breves coa voz e coa percusión.
- Recoñecer auditivamente e percudir o pulso dunha obra ou fragmento.
- Recoñecer e identificar o acento periódico dunha obra ou fragmento.
- Manter o pulso durante periodos breves de silencio.
- Executar a través da percusión, instrumental ou vocalmente estruturas rítmicas dunha obra ou dun fragmento
- Reproducir modelos melódicos sinxelos a partir de diferentes alturas.
- Interpretar vocalmente ou rítmicamente pezas escritas utilizando elementos adecuados ao nivel do alumnado
- Entoar unha melodía ou canción tonal con acompañamento e sen el.
- Identificar ou entoar intervalos melódicos maiores, menores e xustos
- Identificar intervalos harmónicos sinxelos a partir de diferentes alturas.
- Aplicar un texto a un ritmo sinxelo
- Interpretar cambios sinxelos de compas e identificalos auditivamente.
- Improvisar estruturas rítmicas sobre unha proposta previa.
- Improvisar melodías tonais breves a partir dunha proposta previa
- Describir, logo dunha audición, os trazos característicos das obras escoitadas ou interpretadas.

8.3.2 Mínimos esixibles

- Lectura dun fragmento non superior a dezaseis compases que inclúa os ritmos estudados
- Proba escrita con exercicios relativos aos contidos teóricos do trimestre.

8.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación

O profesor debe:

- Observar no alumnado os coñecementos, habilidades, aptitudes, destrezas e valores.
- Observar a súa soltura na imitación de modelos: lectura, interpretación, entoación etc.
- Observar o xeito de recibir a instrucción directa por parte do profesor
- Inducir ó alumno a analizar e reflexionar sobre as súas propias actuacións axudándolle a comparalas.
- Demostrar unha aprendizaxe globalizada coa interrelación de tódolos elementos sinalados anteriormente.

A avaliación será diagnóstica, formativa e sumativa. As ferramentas de avaliación que se empregarán son:

- Caderno do profesor: nel rexistrárase a asistencia e puntualidade, o comportamento e actitude, así como os traballos de clase do alumno, tanto orais como escritos
- As probas específicas que se consideren necesarias.

8.3.4 Criterios de cualificación

A materia de linguaxe musical divídese en dous apartados: lectura rítmica e teoría. Polo tanto o primeiro e principal criterio de cualificación será a correcta consecución deses contidos, dende o mínimo esixible que suporá unha puntuación de 5, ate a máxima excelencia en cada un deses dous apartados.

No caso de que o alumno supere os mínimos esixibles, a cualificación da materia de Linguaxe musical será a media ponderada das cualificacións obtidas nos dous apartados nos que se divide a materia:

- Lectura rítmica: 70%
- Teoría: 30%

8.3.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

O alumnado proposto para a ampliación de matrícula deberá superar unha proba de Linguaxe musical que consistirá en varios exercicios de cada un dos dous apartados nos que se divide a materia, do curso no que se encontra matriculado. A cualificación otorgada corresponderá á suma da parte proporcional da nota obtida en cada un deses apartados.

8.4 Medidas de recuperación

Estas medidas serán de aplicación no caso de que o alumno non acade a cualificación mínima para aprobar por non ter cumpridos os obxectivos mínimos, e tamén no caso de perda de avaliación continua.

8.4.1 Procedementos de recuperación ordinarios

- No caso de alumnos coa materia pendente, aínda que estean matriculados nos dous cursos, asistirán obrigatoriamente ó curso inferior. Só no caso de que o profesor vexa posible a

recuperación da materia antes da fin de curso, recomendarase a asistencia a ambos cursos, podendo deixar de asistir ó curso inferior no momento que sexa avaliado positivamente de ela. Cando o profesor da materia pendente non sexa o mesmo que a do curso actual, farase constar no seguimento mensual da programación a evolución do alumno na materia pendente.

- O alumnado que non acade a cualificación mínima de 5 na primeira ou segunda avaliación será informado ó longo do curso das medidas de recuperación adecuadas segundo o caso pode ser a asistencia a titorías, clases de reforzón, fichas de exercicios de reforzón, recuperación de traballos atrasados, etc.
- O alumnado que perda o dereito á avaliación continua terá dereito a dúas probas , unha en xuño e outra en setembro.

8.4.2 Probas extraordinarias de recuperación

O exame de setembro constará de dúas partes. Por unha banda o alumnado terá que responder a varias preguntas teóricas referidas ós contidos traballados durante o curso. E por outro lado realizará un examen de ritmo que se basará nos contidos estudados durante o curso. A ponderación dos dous exames será a mesma que na proba de xuño.

- Lectura : 70%
- Teoría: 30%

8.5 Recursos didácticos

- Piano
- Equipo de música
- Libro de texto: Método de Lingaxe musical de María Agustina Perandones Manuel de Ediciones Toys and Dreams Music

Curso 2º GE

8.1 Obxectivos

- Compartir vivencias musicais cos compañeiros para iniciar a súa relación afectiva coa música
- Adquirir os coñecementos indicados no apartado de contidos
- Desenvolver os recursos da voz, buscando unha correcta respiración e emisión, para que a través da reprodución de exercicios melódicos o alumno chegue á comprensión dos elementos da lingaxe musical

- Acceder aos códigos rítmicos propios do curso
- Demostrar a coordinación motriz necesaria para a correcta interpretación do pulso regular e o acento, así como a interiorización de fórmulas rítmicas básicas propias do curso, empregando as destrezas de asociación e disociación correspondentes.
- Coñecer os compases e a transferencia entre distintos tipos de compases mantendo a uniformidade do pulso
- Educar a memoria como base para a formación do oído interno, que lle axudara a relacionar a audición coa súa representación gráfica
- Adquirir bases sólidas para o desenvolvemento auditivo, melódico, rítmico, harmónico e formal
- Iniciar ao alumnado ao concepto de análise
- Desenvolver a capacidade da escritura como elemento básico da linguaxe musical
- Propiciar o emprego dunha terminoloxía musical básica a través dos coñecementos teóricos.
- Adquirir hábito de traballo diario

8.2 Contidos

1º TRIMESTRE

U.D. 1: TIPOS DE SÍNCOPIA

- A síncofa e os seus tipos: moi largas, largas, breves e moi breves.
- Os diferentes tipos de síncofa segundo a duración das súas notas: regulares e irregulares.
- Incorporación a tódalas actividades do tema do ritmo de corchea seguido de negra con puntiño.
- Diferenciación auditiva da nova síncofa e o seu ritmo contrario que non produce síncofa (negra con puntiño máis corchea)
- A asimilación de outras síncofas estudadas con anterioridade.
- A entoación monódica e polifónica, na tonalidade de Do maior coa utilización do Re5, en melodías que incorporan este novo ritmo unido aos coñecidos con anterioridade. Nas entoacións polifónicas manterase unha separación entre as voces de 3ª, 5ª, 6ª, 8ª e unísono.
- Escritura no compás 2/4 deste novo ritmo na tonalidade de Do maior, unido aos anteriormente aprendidos.

U.D. 2: NOTA A CONTRATEMPO. O METRÓNOMO.

- Nota a contratempo e tipos segundo a duración das súas notas dentro do compás, ou dun compás a outro.
- Clasificación segundo a duración da nota máis o silencio.
- A anacrusa.

- metrónomo. Utilidade e numeración de Maelzel.
- Asimilación dos termos de velocidade, intensidade e carácter estudados no 1º curso.
- Lectura de notas a contratempo nos compases de 2/4 e 3/4
- Entoación polifónica de notas a contratempo breves regulares.
- Entoación con acompañamento pianístico de notas a contratempo breves na tonalidade de Do maior e os compases de 2/4 e 3/4.
- Diferenciación auditiva dos diferentes tipos de notas a contratempo.
- Escritura en ditados musicais de notas a contratempo na tonalidade de Do maior e nos compases 2/4 e 3/4 .

U.D. 3: COMPÁS DE 6/8. NÚMEROS DO COMPÁS.

- A subdivisión e as súas clases.
- compás de 6/8
- puntiño de complemento.
- A táboa de figuras.
- Os números do compás.
- Lectura en 6/8 dos ritmos de negra con puntiño, o seu silencio, branca con puntiño, e negra seguida de corchea.
- Entoación polifónica dos ritmos aprendidos en ambas voces.
- A entoación con acompañamento pianístico dos ritmos aprendidos na escala de Do maior.
- A diferenciación auditiva que se produce coas dúas subdivisións.
- Diferenciación auditiva en 6/8 da negra seguida de corchea.
- Escritura de ritmos aprendidos no compás 6/8

U.D.4: COMPÁS DE 4/4. CLAVE DE FA EN CUARTA. ELEMENTOS DUNHA ESCALA.

- ritmo de corchea seguida de negra en 6/8
- Unión dos ritmos de negra+corchea e de corchea+negra nun mesmo exercicio.
- Clave de fa en cuarta liña. Nome das notas nas liñas, nos espazos e a súa lectura.
- Compas de 4/4. Forma de marcarse.
- Elementos dunha escala. Tons e semitóns.
- Clases de semitóns: cromático e diatónico.
- Distancias na escala diatónica de Do maior.
- Entoación monódica e polifónica en 6/8 cos ritmos de negra seguida de corchea e corchea seguida de negra unidos no mesmo exercicio.
- Entoación con acompañamento pianístico en 4/4
- Diferenciacións auditivas no 6/8 co ritmo de corchea+negra, e no 4/4 con redondas.

- Escritura de ditados musicais cos ritmos aprendidos na subdivisión binaria e ternaria respectivamente.

2º TRIMESTRE

U.D. 5: ESCALAS DIATÓNICAS. INTERVALOS.

- As escalas diatónicas maiores e menores.
- Función das alteracións nas escalas.
- Lectura de clave de Fa en cuarta liña.
- Os modos maior e menor.
- Entoación bimodal en Do maior e Do menor.
- Entoación polifónica en dúas claves distintas.
- intervalo, a súa clasificación numérica e o seu sentido.
- Os grupos de catro semicorcheas na clave de Sol e de fa en cuarta.
- Diferenciación auditiva en 6/8 con ritmos de negra corchea e á inversa, corchea negra e en 2/4 e 3/4 respectivamente con grupos de catro semicorcheas.
- Diferenciación auditiva de alteracións (mi natural e mi bemol)

U.D. 6: ESCALA CROMÁTICA. OS INTERVALOS E AS SÚAS ESPECIES.

- A escala cromática ascendente con sostenidos e descendente con bemoles.
- Construción de escalas diatónicas maiores e menores, así coma das escalas cromáticas ascendentes con sostenidos e descendentes con bemoles comezando en notas diferentes ao Do.
- Os intervalos maiores e menores naturais.
- Ritmo de corchea+2semicorcheas e a súa inversa, 2semicorcheas+corchea en subdivisión binaria con denominador 4.
- Entoación polifónica en 2/4 de grupos de 4 semicorcheas en ambas voces e en 6/8 negra+corchea nas dúas voces.
- recoñecemento auditivo, a emisión vocal e escritura en ditados musicais dos sons alterados correspondentes a Do menor.
- Recoñecemento auditivo dos grupos de catro semicorcheas, corchea + 2 semicorcheas, 2 semicorcheas +corchea e en 6/8 negra+corchea, corchea+negra.

U.D. 7: OS INTERVALOS E AS SÚAS ESPECIES

- Os intervalos xustos naturais e as súas excepcións.
- A función das alteracións nos intervalos.
- Forma de modificación das especies.

- Definición do número e especie dos intervalos maiores, menores e xustos naturais.
- Definición de tódolos intervalos, incluíndo os aumentados e diminuídos cunha alteración.
- A corchea con puntiño+semicorchea nos compases de subdivisión binaria con denominador 4.
- silencio da corchea no compás de 6/8
- Lectura na clave de Sol e Fa en 4ª engadindo aos ritmos estudados con anterioridade o de corchea con puntiño+semicorchea en 2/4 e 4/4 cos ritmos aprendidos. En 6/8 ritmos de 3 corcheas onde se atopen en silencio unhas veces a primeira, outras a segunda e outras a terceira nota.
- Recoñecemento auditivo dos ritmos da unidade e os sons alterados da escala de Do menor.
- A escritura en subdivisión binaria e ternaria respectivamente, de ditados musicais que conteñan sons e ritmos estudados nesta unidade.

U.D. 8: TONALIDADE E MODALIDADE. ALTERACIÓNS.

- A tonalidade.
- A modalidade.
- A síncopa moi breve irregular na subdivisión binaria con denominador 4.
- A ligadura no compás de 6/8
- A tonalidade de Do menor con armadura.
- Lectura rítmica en 2/4 e 4/4 que conteñan a síncopa moi breve irregular= semicorchea+corchea con puntiño en claves de sol e fa en 4ª.
- Lectura rítmica en 6/8 de ritmos con ligadura de pulso a fracción, de fracción a pulso e de fracción a fracción. En claves de sol e fa en 4ª.
- recoñecemento auditivo de notas naturais partindo das alteradas.
- A escritura en Do menor dos ritmos estudados.

3º TRIMESTRE

U.D. 9: O TRESILLO. TONALIDADE DE LA MENOR. COMPASES DE 9/8 E 12/8

- tresillo e o seu significado en compases de subdivisión binaria con denominador 4 en clave de sol e fa en 4ª
- Intervalos con unha das notas alterada, número e especie.
- Os compases de 9/8 e 12/8, a súa acentuación na división e subdivisión.
- A tonalidade de La Maior e La menor respectivamente.
- As escalas melódica e armónica en La menor.
- A emisión vocal monódica e polifónica das alteracións de La Maior.
- A escritura dos ritmos e compases estudados no tema.

U.D. 10: ANACRUSA EN SUBDIVISIÓN TERNARIA. INTERVALOS COMPOSTOS.

- A anacrusa e os seus tipos na subdivisión ternaria con denominador 8 en clave de Sol e Fa en 4ª..
- A síncopa breve acompañada de semicorcheas en compases de subdivisión binaria con denominador 4.
- Os intervalos compostos. O seu número e especie cunha nota alterada.
- Lectura rítmica en subdivisión ternaria con denominador 8 incluído anacrusas e en subdivisión binaria con denominador 4 engadindo síncopa breve acompañada de dúas semicorcheas en claves de Sol e Fa en 4ª.
- A entoación “a capella” e con acompañamento pianístico dunha melodía na tonalidade de La Maior con armadura de clave.
- Entoación dunha melodía a capella e con acompañamento pianístico na tonalidade de La menor coas alteracións da escala melódica.
- A entoación dos ritmos da subdivisión binaria e ternaria estudadas na unidade.
- Entoación polifónica na tonalidade de La Maior con armadura de clave dos ritmos e compases estudados na unidade con separación das voces.
- recoñecemento auditivo dos ritmos estudados e das notas naturais na tonalidade de La maior e alteradas en La menor.
- Escritura de fragmentos musicais rítmico-melódicos que conteñan os compases e ritmos estudiados no tema, coas alteracións da escala melódica de La menor.

U.D. 11: RESUMO

- Ritmos aprendidos ao longo do curso en compases de subdivisión binaria con denominador 4 e de subdivisión ternaria con denominador 8.
- Repaso teórico das dificultades aprendidas no curso.
- Entoación a capella, con acompañamento pianístico, e a dúas voces coas dificultades melódicas e rítmicas aprendidas.
- Diferenciacións auditivas en compases de subdivisión binaria e ternaria coas dificultades melódicas e rítmicas aprendidas ao longo do curso.
